

## **RESUMO DA XUNTA DE PERSOAL da provincia da Coruña 31 de maio de 2023**

1. Data prevista para a publicación das vacantes para CADP e para a reunión técnica de negociación das mesma O inspector xefe informa de que aínda non teñen data marcada pero que contemos que será tres semanas despois das avaliacións finais, osea que contemos a mediados de xullo.
  2. Non cobertura de baixa ata final de curso no CIFP Leixa de Ferrol. O xefe territorial informa que despois de pedir información ao inspector do centro, este mandoulle un escrito donde se esgrimen as razóns axustadas a lei, ao mesmo tempo que se compromenten a que a tendencia desta xefatura territorial non é a de non cubrir baixas maiores de 15 días, e como mostra informan que unha semana despois un docente, con carga lectiva, neste mesmo centro colleu a baixa e cubreuse con normalidade
  3. Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros Depende directamente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, non se supervisa o funcionamento dende a XT. Agora mesmo traballan 2 persoas no equipo directivo e 4 asesoras. A directora invita ás organizacións sindicais a visitar o centro e ver os programas que se levan a cabo.
  4. Expedientes disciplinarios Infórmase de oito expedientes disciplinarios abertos e xa resoltos que se produciron durante este curso 22-23
  5. Convocatoria da reunión do Comité de Seguridade e Saúde Laboral O xefe territorial non ten constancia de que se lle enviaran ós membros propostos polos distintos sindicatos. A presidenta da xunta de persoal faille entrega do correo electrónico ca composición do mesmo, que lle foi enviado o día 5 de maio de 2023
- Rogos e preguntas
- CIG pregunta cal vai ser o procedemento cando unha persoa que este ano está en un centro con atención preferente, con destino definitivo no centro, para poder seguir nesa atención aos mesmos alumnos posto que non hai concurso de atención preferente. O inspector xefe informa que se procederá do mesmo xeito habitual: 1º petición xustificada da propia docente 2º valoración do informe do departamento de orientación do centro 2º valoración do informe da dirección do centro
  - STEG pregunta pola oferta presencial de adultos do vindeiro curso. O xefe territorial informa que dependerá da matrícula, que se se chegan aos mínimos se manteñen todos.
  - ANPE pregunta como está o concurso de direccións. A inspección informa de que había 133 vacantes, que se presentaron 63 proxectos e que quedaron desertos 53 centros educativos.